

A PARTICIPACIÓN NO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES

Carlos Alonso Piñeiro
Centro Veciñal e Cultural de Valadares (Vigo)

A) UN XEITO PARTICULAR DE ENTENDE-LA PARTICIPACIÓN

Ó pórme a preparar este encargo, púxenme a pensa-lo que quería dicir para min a palabra participación e, retrotraéndome ó que facía eu de pequeno, dábame de conta de que daquela eu non participaba de nada, pois acción e participación eran un continuo, xa que ó non haber unha organización polo medio non tiña sentido falar de participación. E, polo tanto, ó meu entender, a palabra participación só ten sentido na medida en que a acción está mediatizada pola organización e a existencia desta e a súa lexitimación vén dada, entre outras cousas, polo grao de participación, o que lle vai conferir tamén un aumento na credibilidade, influencia, transcendencia, etc. Agora ben, unha vez que topamos co sistema-organización cabe diferencia-lo grao de participación existente a nivel interno, asemblea de socios-xunta directiva e o grao de participación do público-veciñanza nas actividades que se programan para eles ou nas convocatorias que se lles fan a estes para que se posicionen-mobilicen-participen. Tamén se pode considerar como participación dende o punto de vista da organización o caudal de afiliación, visitas, demandas, queixas ou reclamacións que os destinatarios das nosas accións nos fan por mor da confianza que lles inspiramos.

Pero, ¿é o grao de participación, tanto a nivel interno como externo, o que vai marca-lo éxito dunha organización no tipo de sociedade que habitamos hoxe en día? É claro que non, xa que aínda que sen participación polo menos "externa" dificilmente subsistiría algunha entidade, salvo que teña vocación endóxena e viva á sombra das subvencións e dos enchufes, se non é capaz de manter unha relación fluída e positiva co resto dos interlocutores que teñen influencia no camiño que vai da supervivencia ó éxito (ins-

titución pública, medios de comunicación e sociedade en xeral) pouco vai ter que facer.

B) BREVE DESCRIPCIÓN SOCIO-XEOGRÁFICA
DA PARROQUIA

Antes

Valadares é unha parroquia de Vigo, situada cara ó interior da cidade, lindando co concello de Gondomar e outras parroquias viguesas do interior (Zamáns, Beade, Matamá...).

Na actualidade ten unha poboación de arredor de 5000 habitantes e no momento que se fundou o Centro, alá polo ano 1971 (aínda que xa estivera funcionando dende restos do ano 69), tería uns 3000 aproximadamente.

O Centro, que naceu ó amparo da Rede de Teleclubs que creou no seu día D. Manuel Fraga Iribarne, foi promovido por Ignacio Costas Piñeiro como un lugar onde ve-la televisión, "culturizarse" un pouco, dispor dunha pequena biblioteca e poder ver algunha actividade de difusión cultural, á parte de promove-la ocupación do tempo libre con xogos recreativos variados nun ambiente que non fose tabernario, nin tampouco reivindicativo. Unha especie de casino-círculo parroquial.

Daquela a parroquia formaba parte de Vigo administrativamente, pero na práctica cotiá a cidade non era máis ca un lugar ó que ir traballar, facer algunha xestión ou adquirir algún artigo necesario e moitas veces nin iso.

As vías de comunicación, tanto as interiores da parroquia como as que conectaban coa cidade, eran moi deficientes, o transporte público de viaxeiros, ocasional, os servizos públicos (subministración de auga, iluminación, saneamento...) practicamente inexistentes, polo tanto as necesidades básicas eran abundantes. Á parte disto, os homes ían traballar e, ó vir, os que non ían á taberna ían facer algunha faena ó campo e as mulleres limitábanse a traballar na casa e mais no campo para poder atende-los animais e satisface-lo autoconsumo doméstico. Os rapaces íamos á escola, axudabamos na casa e logo andabamos a xogar polos camiños ata

que comezabamos a traballar. A cultura do estudio aínda non estaba instaurada e a electrónica (coa televisión) só chegara ás casas máis ricas da parroquia. Pola súa parte os vellos morrían practicamente no campo e a segmentación entre idades era máis natural.

O nivel de vida era practicamente igual para todos, salvo para tres ou catro familias.

Agora

Hoxe en día todo isto mudou: as vías de comunicación permítenche estar en 10-15 minutos no centro da cidade, o transporte público circula cada media hora, os servicios públicos (subministración, saneamento de auga, iluminación, recollida de lixo,...) chegaron case a toda a parroquia e as necesidades básicas están practicamente satisfeitas. Os homes e as mulleres dedican case o mesmo tempo a traballar que antes e tamén van as cafeterías/bares, pero practicamente ninguén traballa no campo. Están todos a monte e o persoal adoce por construír neles. As mulleres séguense ocupando da casa e dos fillos en maior medida cós homes, pero os avances tecnolóxicos e o aumento da calidade-nivel de vida permítenlles dispor de máis tempo para elas. Entre os rapaces hai os que reparten o tempo entre as clases e as actividades extraescolares e os que á parte de iren á clase se dedican a ve-la tele ou andar de vagar por aí. E o que temos agora de novidade é unha nova caste, que son os pensionistas e que abranguen dende os prexubilados de 50-55 ata os máis senís, pero aínda en forma, de 80 anos.

C) A PARTICIPACIÓN NA VIDA INTERNA

Historia da evolución

Nos primeiros anos de funcionamento case se pode dicir que o único modo en que cabía entende-la participación era de modo "interno", é dicir, directivos, socios, traballadores e público era practicamente todo un e a liña que separaba a uns dos outros era moi difusa, xa que a ilusión que había por sacar esta iniciativa adiante e a identificación con ela era tan grande que, aínda que había dirixentes, digamos que case se movía de forma asemblearia.

A ampliación fíxose coa achega de material e man de obra de case toda a parroquia, o bar era atendido por rigorosas quendas de directivos e as primeiras formacións culturais (teatro, coral) tamén estaban compostas por veciños que eran, á vez, promotores-traballadores-socios da asociación.

Nas primeiras asembleas a asistencia era masiva, polo dito anteriormente, a elevada identificación coa idea. Tamén era masiva a asistencia a calquera acto programado, todo era novo, pero, é máis, as agrupacións mencionadas anteriormente (coral, teatro e logo o grupo de gaitas) tiñan unha morea de compoñentes.

Este ímpeto inicial, que durou practicamente toda a década dos anos 70 e que serviu para sentar as bases do que hoxe en día é o C.V.C.V., aínda coñecido popularmente como "teleclub", foise temperando co paso do tempo, xa que as xuntas directivas comezaron a asumir o goberno da entidade, a xestión da cantina houbo que privatizala pola presión da Seguridade Social, as asembleas volvéronse máis ou menos rutineiras, as actividades propias fóronse consolidando e diversificando e abrindo ó público en xeral, porque daquela xa a sociedade en que se estaba inmerso cambiara; o vínculo, xa estaba roto, creouse "público", xa se deseñaban actividades de cara a uns destinatarios, maiormente veciños-socios.

Hoxe en día

As asembleas ordinarias de socios veñen os habituais, que poden ser entre 50 e 100, dos cales unha parte son "históricos" ou "concienciados" e a outra son "afectados" por algo, dun censo de 1500 socios.

Nas asembleas extraordinarias que se poidan convocar por un problema que lles afecte máis directamente ós veciños (saneamento, lixo, etc.) poderíamos andar nas 250-350 persoas de media.

As xuntas directivas están formadas, nos últimos anos, por un núcleo de arredor de 15 persoas e cada unha delas faise responsable dunha área determinada, que conta pola súa vez cun número variable de colaboradores, que van desde unha ata cinco ou sete persoas. A este grupo de xente máis ou menos estable hai

que engadirlle unha serie de persoas (case sempre as mesmas) ás que as distintas directivas recorren para pór en marcha algunha actividade que requira unha organización complexa.

D) A PARTICIPACIÓN A NIVEL EXTERNO

Historia da evolución

Como xa dixen anteriormente, a década dos 70 é a época de apoxeo da participación, tanto nas actividades propias (basicamente, coral e teatro) como de asistencia ás tamén escasas de difusión cultural que se programan.

Na década dos anos 80 concéntranse os esforzos na diversificación das actividades propias, creación do grupo de "beille", de pandeireteiras e na programación cultural. Introducíronse os primeiros cursos de formación ocupacional e de manualidades. Fan a súa aparición as mulleres a través das vocalías. Predomina a visión de público e este comeza xa a mostrar síntomas de estancamento nas actividades máis clásicas.

Na década dos anos 90 introdúcese unha xerencia profesional na entidade, prodúcese unha orientación cara ós servicios e apóstase por unha estratexia diferenciadora. Poténcianse, diversifícanse e introdúcense factores de racionalización dos cursos. Aparece a figura do/-a usuario/-a asimilable á de cliente.

Estes responden facendo uso dos servicios (duns máis que doutros) e participando masivamente nos cursos, sobre todo as mulleres, que, polas vías abertas, polas vocalías, vanse introducindo cada vez máis nos órganos de dirección do centro. Paralelamente tamén se foron buscando cursos que foran do agrado dos homes, procurando estar sempre na vangarda e na innovación permanente do contido destes para que non perdesen atractivo, cousa que se foi acadando ata o de agora.

En canto á programación cultural, tratouse de diversificala e de ofrecer ciclos temáticos e actuacións de calidade pero hai que recoñecer que, salvo actos puntuais ou ó aire libre, o resto sufriu unha caída sensible respecto a outras épocas.

Resumindo un pouco, ó meu entender, podemos detecta-las seguintes fases na evolución do centro, que marcan á vez tendencias na participación dentro da asociación:

- 1º Voluntarista: caracterizada pola ilusión, a alta participación e a identificación entre a veciñanza e a iniciativa.
- 2º Reivindicativa: mestúrase o voluntarismo e a sensibilización polas carencias de todo tipo que sofre a parroquia.
- 3º Compás de espera: despois da tormenta vén a calma e hai unha reformulación do papel do centro.
- 4º Xerencial: orientada cara ós servicios (concepto de usuario-"cliente").
- 5º Aparece o concepto de calidade e búscanse pautas e liñas de traballo que afonden neste concepto.

Hoxe en día

O socio-veciño límitase a acudir ás actividades programadas que lle interesan a el ou á familia, dende o punto de vista da formación, da educación, da ocupación do tempo libre... sopesando tanto o custo económico como a calidade do produto/servicio ofertado e as súas circunstancias persoais.

O mesmo ocorre cos actos de difusión cultural programados, a pesar de que son maiormente de balde, xa que se fan dende a óptica do traballo de base, e é que as alternativas de ocio e de ocupación do tempo libre ás que teñen acceso os veciños a través da televisión, ou doutros medios ó seu alcance, son moi variados e por tanto só acoden a estes actos todos aqueles que saben do acontecemento e que lles interesa e lles é posible.

Polo que respecta á influencia do "feed-back" (retroalimentación) co "participante" á hora de introducir novidades na "programación", a "organización" atende tanto propostas/suxestións directas ou indirectas formuladas polos interesados en acudir a elas como dos posibles actores destas (profesores, artistas...) ademais das que se promoven por propia iniciativa da xerencia/dirección.

Á parte das actividades/servicios (formación, ocio, difusión e promoción cultural...) nos que a xente digamos "participa",

tamén debemos de contemplar aquelas situacións en que nós somos participes dos problemas da xente; é dicir, todo o abano de consultas, peticións (de información, de axuda...), queixas..., que son múltiples e variadas por parte dos veciños, o que nos fai pensar que o grao de confianza que teñen en nós é bastante elevado.

E) APUNTAMENTOS ARREDOR DA PARTICIPACIÓN

A nivel interno

O grao de participación/integración/implicación na vida interna da asociación está suxeito a unha serie de condicionantes de carácter individual que poden sufrir importantes variacións dun período de tempo a outro.

En xeral os cargos de maior rango adoitan se-los que acadan unha maior participación, limitada polo tempo que teñen dispoñible e polo entusiasmo que posúan. En todo caso, ó ser este un centro de xestión administrativa ten un certo nivel de profesionalización, hai por tanto unha certa tendencia a descargar sobre estas persoas os labores tanto de índole burocrática como outros máis especializados.

O grao de organización que acada o Centro tamén impide que o núcleo de dirección sexa máis amplo, xa que os cargos quedarían baleiros de contido, o que comportaría a desmotivación dos directivos.

A dificultade de que cando se convocan eleccións aparezan novas candidaturas tamén leva á aparición de certa endogamia nos cargos directivos, xa que se pasa dunha a outra directiva sen que se produzan renovacións profundas, o cal facilita a continuidade, pero prexudica a entrada de aire fresco. Pasa, tamén, ás veces, que as persoas que entran non son as máis válidas ou cualificadas, xa que ós líderes ás veces non lles gusta botar man da xente que lles poida quita-lo protagonismo, o que implica un maior esforzo para atopar certo perfil de veciño.

O dito anteriormente tampouco debe de enmascara-la realidade do tempo en que estamos no que, ó estar satisfeitas as necesidades básicas da poboación, ó ter tanto homes coma mulleres un

horario de traballo prolongado, a necesidade de dedicarlle o pouco tempo que ten un/unha para compartilo coa familia fai verdadeiramente complicada a busca dun grupo de persoas válidas e comprometidas para sacar adiante unha entidade destas características.

A nivel externo

Constátase que a xente participa na medida en que se lle ofrecen actividades e/ou servicios que satisfagan as súas necesidades (tal como acontece no mercado, onde sobrevive o que é útil e competitivo en termos de calidade/prezo). Neste sentido observámo-la grande aceptación que están tendo os cursos e a boa acollida que teñen algúns servicios. Faise evidente tamén a necesidade de crear escolas que permitan a continuidade daquelas agrupacións culturais que xa están establecidas (corais, teatro, grupos de gaitas...).

En canto ó que é o labor de difusión cultural, obsérvase unha serie de dificultades para atraer ós asistentes potenciais deste tipo de actividades, quizais pola dura competencia existente na televisión e outras ofertas de ocio máis acordes co gusto do público actual (discotecas, pubs,...) que non somos capaces de contrarrestar nin con promoción, nin cunha oferta atractiva, cualificada e variada, máis ca nada por falta de recursos económicos que nos permitan competir con elas, e tamén por certo ambiente/auréola.

Estas observacións que acabo de facer aínda que son aplicables ó conxunto da organización teñen algunha excepción, como é o caso da Escola de Fútbol.

Dentro da área deportiva, mantemos unha Escola de Fútbol con arredor de 250 rapaces que sempre custou moito sacar adiante, dado que ata hai tres anos aproximadamente era practicamente imposible que houbese algún pai disposto a acompañalos seus fillos ós partidos, o cal esixía de nós un grande esforzo para atender tódolos nosos compromisos. Pero alá polo ano 99 (aprox.) coa entrada dun novo equipo á fronte desta escola, conseguíuse implicar en maior medida ós pais na xestión deste apartado, de tal xeito que agora son eles os que practicamente se ocupan do mantemento desta actividade aínda que apoiándose na nosa infraestrutura.

F) OS INCONVENIENTES QUE PRESENTAN
AS ORGANIZACIÓNS, DAS CARACTERÍSTICAS DA MIÑA,
PARA FACILITA-LA PARTICIPACIÓN

Aínda que, nun principio, o nacemento dunha agrupación en estado embrionario puidese considerarse como o estado ideal da participación, xa que predomina a organización informal, no momento en que esta necesita dunha estrutura e dunha infraestructura, automaticamente dá paso a unha organización de carácter formal, o cal non é implicitamente nin bo nin malo. Pero a realidade é que pasa a altera-la relación social que se dá entre os membros do grupo; pasa a haber un espacio diferenciado para cada actividade, unha persoa que se ocupa dunha cousa ou que ten unha determinada responsabilidade. Hai unhas actividades que se orientan cara a un tipo de público ou cara a outro, unha serie de requisitos para participar das actividades, unha obriga de ir a un sitio concreto para facer unha cousa, unha vía para chegar a un sitio/fin determinado. En fin, todo isto fai que a xente acabe tendo a percepción de que existe unha organización que está obrigada a velar tanto polo benestar da comunidade como polo que é de utilidade pública/ben común da parroquia, diluíndo polo tanto toda responsabilidade individual neste colectivo, que á fin e ó cabo está composto de veciños coma eles.

Isto dá lugar a que, paradoxalmente, tradicións como a fogueira de San Xoán, que eran actos tradicionalmente de realización espontánea dos/-as mozos/-as da parroquia, agora teñan que ser feitos polos propios membros da organización, xa que doutro xeito non se farían, eliminando/substituíndo polo tanto a participación popular, que sería a natural ou propia.

A segmentación social que promoven as empresas a través dos medios de comunicación actuais co fin de poder colocar mellor os produtos no mercado ten un gran calado, sobre todo entre a mocidade, de tal xeito que é moi difícil atraelos cara a unha organización aparentemente tan complexa, inaccesible e de ambiente a priori hostil ás súas inquiredanzas e sensibilidades, que teñen asociadas unha moi elevada dose de inmediatez. Co fin de tratar de

meterlle o dente a esta situación, dende a organización fóronse captando mozos/-as ó lazo entre os que encaixaban nun determinado perfil, politicamente correcto, e á vez que se lles daban facilidades para pór en marcha iniciativas do seu interese. Implicóuselles nun proxecto ambicioso de carácter xuvenil, ligado á música e ás novas tendencias que tiña (e ten) proxección máis alá do ámbito parroquial. Que os valorizase ante si mesmos e tamén ante o resto da sociedade e que á vez lle servise ó conxunto da parroquia para sacar peito diante das outras e ó centro veciñal para afondar na estratexia de diferenciación respecto das súas "competidoras".

As dinámicas centro-periferia son extrapolables a núcleos de poboación de rango menor como poida se-la nosa parroquia, de tal xeito que, normalmente, son os mais próximos ó foco en que se xera a actividade os que máis participan dela, xerándose, no resto da veciñanza dos barrios, unha sensación de distanciamento e abandono, que é o caldo de cultivo propicio para que xurda outra iniciativa que ocupe este nicho de desasosego ou descontento, o cal non ten porque ser intrinsecamente malo, polo menos dende o punto de vista da participación.

G) POTENCIALIDADES E AMEAZAS A PARTICIPACIÓN

A profesionalización e os novos depósitos de emprego

A profesionalización do sector, ó meu entender, e dende o punto de vista da continuidade da asociación e da mellora da xestión sempre vai ser positiva. Agora ben, existe o risco de que os directivos o deixen todos nas mans da xerencia, co cal a participación a nivel interno corre o risco de ser practicamente inexistente e, polo outro lado, existe o perigo de que a xerencia pense que é sinónimo de organización e polo tanto que os veciños deixen de sentila como súa porque non satisfai as súas demandas.

En canto á potencialidade deste sector como depósito de emprego, se agora o termo veciño se dilúe cada vez máis no de usuario, limitándose o ámbito de participación a unha forma pasiva, a cada incremento que se produza no nivel de profesionalización, e polo tanto na busca do beneficio, o termo evolucionará cara

ó de cliente, eliminándose así completamente a posibilidade de participación tal e como a vemos dende unha óptica non lucrativa e de parroquia.

Os "chiringuitos"

Entroncando co dito anteriormente, tampouco axuda ó fomento da participación toda a serie de asociacións fantasma "chiringuitos" que montan catro espilidos "acolléndose" á falta de regulación existente no sector, que ven neste xeito de organización unha boa maneira de captar subvencións e iniciarse no ambiente profesional sen risco, a custa de desvirtuar esta figura xurídica e de competir deslealmente con outro tipo de formas asociativas. É evidente que este tipo de "chiringuitos" son coutos pechados que non admiten novos socios na sociedade e nos que non existe renovación de cargos directivos aplicando a máxima do ato e mais desato, en convivencia, na maioría das ocasións, coas propias administracións públicas.

Futuro

A mellor forma de garanti-la continuidade da participación da xente é observando con atención cales van sendo as súas novas necesidades e ir vendo como poder satisfacelas, e eu creo que o gran reto que se presenta é tratar de tirar proveito desa xente, aínda capaz e con forzas, que se está vendo obrigada a vir para a casa a unha idade temperá, e ofrecerlles algún reto ilusionante. ¿Como cal? Pois como as cooperativas de consumo, que creo sería un salto cualitativo importante para entidades como a nosa (granxa colectiva, explotación da terra, explotación da superficie forestal, central de compras virtual, etc.).

Outra posibilidade de incrementa-la participación (compatible coa anterior) pode ser mediante a volta ás orixes, é dicir, potenciando/facilitando a creación de asociacións que traten de elimina-los pasos intermedios que poida haber entre a participación e a acción. Isto é mais fácil que se dea en organizacións pequenas, onde a estrutura teña pouco peso, e os seus directivos-actores sexan áxiles, dinámicos, creativos, estean en contacto constante co

seu "público obxectivo/potencial" e funcionen a modo de "foco infeccioso". Estas características son máis propias de entidades de carácter sectorial (culturais, ambientais...) ou ben de entidades socioculturais asentadas nun territorio reducido/abarcable.

H) CONCLUSIÓN

E chegados a este punto volvémonos atopar co risco de morde-lo rabo do que alertabamos no punto do "chiringuito", co cal poderíamos concluír que a forma asociativa como modelo no que se agrupan unha serie de individuos para levar a cabo un fin común quizais non sexa a máis axeitada para facilita-la participación, tal e como eu a entendía ó principio deste escrito, pero tampouco é a peor, dada a dicotomía que, na miña opinión, hai entre organización e participación.